

## ANEXO I

## Achega da Comunidade Foral de Navarra para o ano base 2005

Concepto	Miles de euros
<b>Orzamento do Estado. Gastos</b> .....	162.378.911,85
<b>Cargas asumidas pola Comunidade Foral:</b> .....	
Ministerios e entes territoriais (*) .....	65.258.368,17
<b>Total cargas non asumidas</b> .....	97.120.543,68
Imputación do índice ás cargas non asumidas 97.120.543,68 * 0,0160 .....	1.553.928,70
<b>Compensacións e axustes que se deducirán</b> .....	
Por tributos non convidados 3.633.520,50 * 0,0160 .....	-58.136,33
Por outros ingresos non tributarios 7.132.909,84 * 0,0160 .....	-114.126,56
Por déficit orzamentario 44.081.441,45 * 0,0160 .....	-705.303,06
Por impostos directos convidados .....	-122.871,05
	-1.000.437,00
<b>Achega líquida</b> .....	553.491,70

(\*) Este importe inclúe 2.674.305 miles de euros como valoración en materia de policía.

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**21916** *REAL DECRETO 1615/2007, do 7 de decembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.* («BOE» 304, do 20-12-2007.)

A exixencia social de adquirir alimentos inocuos e a demanda por parte do consumidor de maior información relativa á procedencia e aos procesos de elaboración a que son sometidos están a dar lugar a transcendentais cambios na maneira de producir e transformar os alimentos.

Tanto é así que as crises sanitarias experimentadas por algúns sectores durante a última década orixinaron a perda de confianza dos consumidores en certos produtos de orixe animal.

Nos últimos anos desenvolvéronse e implantáronse programas de rastrexabilidade e autocontrol en todas as etapas da produción, transformación, almacenaxe, distribución e comercialización dos alimentos como ferramentas para o aseguramento da súa calidade hixiénica e nutricional e, ao mesmo tempo, proporcionouse a información demandada polos consumidores.

Por outro lado, a publicación de novas normas comunitarias e nacionais reforzan estes novos sistemas, subliñando a importancia dos controis en todas as fases da produción e a comercialización, parte dos cales son realizados por terceiros, isto é, por entidades independentes daquelas que producen e comercializan, como garantes adicionais de calidade.

A existencia de acreditados medios de verificación dos resultados obtidos nos programas de autocontrol constitúe un instrumento válido para mellorar a avaliación do funcionamento dos mecanismos de rastrexabilidade.

Ademais, ante a demanda crecente de produtos agroalimentarios de calidade é crucial estimular desde

as administracións públicas a resposta do sector produtor, con esforzos encamiñados á mellora das formas de produción que redunden no aumento da calidade final dos produtos, tal e como demandan os consumidores.

Como consecuencia do anterior, é conveniente establecer liñas de axudas estatais destinadas a incentivar a aplicación de sistemas de control da rastrexabilidade a aqueles que apliquen programas de produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal que impliquen todas e cada unha das fases de produción e comercialización de produtos agroalimentarios, desde a granxa ata o consumidor final, mediante a contribución ao financiamento dos gastos derivados da asistencia técnica necesaria para o desenvolvemento e posta en funcionamento destes sistemas, así como de certos gastos que supón a implantación destes, entre eles os custos derivados da realización dos controis de calidade efectuados por terceiros.

Estas axudas axústanse ao establecido no Regulamento (CE) n.º 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 70/2001 (DOUE L-358, do 16 de decembro de 2006).

De acordo co anterior, mediante este real decreto, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establécense as bases reguladoras das subvencións para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.

A finalidade das axudas responde a unha conxuntura económica concreta que, polo seu propio carácter, xustifica o establecemento desta regulación mediante real decreto.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de decembro de 2007,

## DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das subvencións para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal e no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 70/2001.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal: carne, leite, ovos, mel e caracois de terra destinados ao consumo humano, obtidos a partir de animais de produción provenientes de explotacións que participen en programas de produción de calidade e que foron criados conforme o disposto neles.

b) Programa de produción de calidade: é aquel aplicado polos beneficiarios previstos no artigo 3 deste real decreto, coa finalidade de que, mediante mecanismos de control encomendados a entidades independentes, se achegue a máxima garantía de rastrexabilidade, calidade e información ao consumidor sobre os produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal comercializados, con exixencias diferentes ás establecidas pola lexislación básica sobre produción gandeira, e que impliquen todas as fases da produción e a comercialización.

Artigo 3. *Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarias destas subvencións aquelas persoas xurídicas asociativas do ámbito agrario, incluídas as asociacións ou agrupacións de produtores, que apliquen programas de produción de calidade e cumpran os requisitos establecidos neste real decreto.

Artigo 4. *Requisitos.*

1. Para obter as subvencións establecidas neste real decreto, os solicitantes deberán desenvolver un programa de produción de calidade en cuxa memoria descritiva se faga constar, como mínimo, o seguinte:

a) Explicación xeral dos sistemas de produción e procesamento empregados ao longo de toda a cadea.

b) Explicación detallada do sistema de rastrexabilidade empregado para o seguimento de animais e produtos e, se é o caso, do sistema de identificación animal utilizado.

c) Relación en que aparezan identificadas as explotacións, matadoiros, industrias agroalimentarias e outros establecementos participantes no programa, incluíndo o código de autorización ou rexistro oficial atribuído pola autoridade competente a cada axente participante. No caso de carne e ovos, deberase indicar a relación dos puntos de venda ou a relación de destinatarios finais.

d) Código de autorización ou rexistro oficial atribuído pola autoridade competente a cada axente participante, que acredite o cumprimento dos requisitos exixidos pola normativa vixente para o exercicio da actividade correspondente.

e) Descrición detallada da distribución de responsabilidades entre os distintos axentes participantes no pro-

grama, o que implicará a achega de copia dos seus estatutos ou regulamento interno e a descrición das súas medidas aplicables en caso de incumprimento. Cando non se dispoña de estatutos ou regulamento interno, achegarase copia dos correspondentes contratos entre os axentes participantes no programa.

f) Regulamento de control, en que se especifiquen:

1.º Programa de visitas de inspección e periodicidade destas en explotacións, matadoiros, industrias agroalimentarias, puntos de venda e outros establecementos participantes no programa.

2.º Sistema de mostraxe e número de mostras que se van tomar previstas en cada fase do proceso.

3.º Protocolo de realización dos controis en todas as fases de produción: explotación, matadoiro, industria agroalimentaria, puntos de venda e outros establecementos participantes no programa.

2. Os solicitantes deberán cumprir os requisitos do anexo I do Regulamento (CE) n.º 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas.

3. Os solicitantes deberán estar ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, conforme a normativa vixente, que se deberá acreditar mediante as certificacións que se regulan no artigo 22 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Tamén deberán cumprir os demais requisitos contidos no artigo 13 da Lei 38/2003.

4. A entidade a que se encomende a aplicación das accións previstas no regulamento de control establecido no artigo 4.1.f) deberá ser un organismo independente de control que estea acreditado por unha entidade de acreditación segundo o Real decreto 2200/1995, do 28 decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e seguranza industrial, conforme a norma EN 45011, relativa aos requisitos xerais para entidades que realizan a certificación de produtos, no ámbito agroalimentario.

5. Os laboratorios onde se realicen as análises das mostras para a avaliación dos parámetros físicos, químicos e sanitarios dos animais e dos produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal que se consideren nos respectivos regulamentos de control deberán cumprir coa norma UNE EN ISO/IEC 17025, pola que se establecen os requisitos xerais relativos á competencia técnica dos laboratorios de ensaio e calibración para a súa acreditación.

6. Para se beneficiar do importe máximo da axuda deberán comercializar en establecementos incluídos no programa de produción de calidade, polo menos un 75 por cento dos animais e dos produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal inscritos no dito programa.

Naqueles casos en que os animais e produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal finalmente destinados ao consumo non alcancen a devandita porcentaxe, a axuda reducirase ata a proporción de animais e produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal realmente comercializados.

7. O programa de produción de calidade deberá contar cun sistema de etiquetaxe facultativa. No caso de carne de vacún, de carne de ave e de ovos, este sistema de etiquetaxe facultativa será o establecido na lexislación vixente. No caso do leite, o programa de produción de calidade deberá cumprir a normativa sobre implantación de sistemas de aseguramento para a mellora integral da calidade do leite.

### Artigo 5. *Actividade subvencionable.*

1. Para os efectos do disposto neste real decreto, poderanse conceder axudas para financiar as seguintes actividades do programa de produción de calidade:

- a) Asistencia técnica para o estudo de mercados e para o deseño e creación de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.
- b) Implantación de programas de produción de calidade.
- c) Formación do persoal, especificamente relacionada co programa de produción de calidade.
- d) Certificación dos programas de produción de calidade implantados.

2. As subvencións previstas neste real decreto concederanse a actividades realizadas durante todo o exercicio orzamentario correspondente.

### Artigo 6. *Criterios obxectivos de outorgamento da subvención.*

1. Na concesión das subvencións previstas neste real decreto, as solicitudes de axudas ordenaranse de acordo cos seguintes criterios obxectivos, cunha valoración de un a cinco puntos para cada un dos seguintes criterios:

- a) Aqueles programas de produción de calidade que comercialicen un maior volume, segundo a especie, de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.
- b) Aqueles programas de produción de calidade que teñan un maior número de explotacións gandeiras.
- c) Aqueles programas de produción de calidade cuxas explotacións manteñan razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos, de acordo co establecido na norma regulamentaria correspondente.

Ademais, cada comunidade autónoma disporá de ata seis puntos para valorar outros criterios obxectivos complementarios nas solicitudes.

2. Aqueles solicitantes que non obteñan unha puntuación mínima de dez puntos non se poderán beneficiar destas subvencións.

3. No caso de que máis dun solicitante obtivese a mesma puntuación, aplicaranse, para establecer a prioridade das solicitudes, os criterios do número 1 deste artigo, na orde alí establecida.

4. No caso de que algún dos beneficiarios renunciase á subvención, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes a aquel en orde da súa puntuación, sempre e cando coa renuncia por parte dalgún dos beneficiarios se liberase crédito abondo para atender, polo menos, unha das solicitudes denegadas.

### Artigo 7. *Presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes para obter a axuda dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma en que o solicitante teña o seu domicilio social e deberanse acompañar, polo menos, da seguinte documentación:

- a) Estatuto ou regulamento interno da persoa xurídica solicitante.
- b) Programa de produción de calidade, que deberá incluír:
  - 1. ° Memoria descritiva do programa.
  - 2. ° Orzamento detallado do programa.
  - 3. ° Regulamento de control.

c) Para o caso de que se soliciten subvencións destinadas a financiar as actividades previstas nas letras a), b)

e c) do artigo 5.1, documentación precisa que xustifique as actividades previstas obxecto da subvención, acompañadas do seu contido e o orzamento previsto para a súa realización.

d) Para o caso de que se soliciten subvencións destinadas a financiar a actividade prevista na letra d) do artigo 5.1, documentos que identifiquen a entidade de control e os laboratorios onde se analizarán as mostras acompañadas do seu contido e o orzamento previsto para a súa realización.

e) Documentación xustificativa da condición de PEME do beneficiario, que poderá consistir nunha declaración responsable do órgano de dirección da entidade solicitante.

2. No caso de que a axuda se solicite para a actividade prevista na letra a) do artigo 5.1, e esta actividade sexa previa á implantación do programa de produción de calidade, só será exixible o cumprimento dos requisitos establecidos nos números 1.a), 1.b) e 2 do artigo 4 deste real decreto.

3. As solicitudes de axudas poderanse presentar anualmente ata o 1 de maio de cada ano.

### Artigo 8. *Límites e contías das subvencións.*

1. As subvencións concedidas para o financiamento das actividades consideradas no artigo 5 non superarán os límites establecidos no artigo 14 do Regulamento (CE) n.º 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006.

O importe total das subvencións concedidas polas administracións públicas poderá chegar ata o 100 por cento dos custos de tales actividades, sen que en ningún caso se superen as disponibilidades orzamentarias.

2. Os programas que se presenten de conformidade co establecido neste real decreto axustaranse ás seguintes limitacións:

a) Como máximo, un programa poderá percibir estas subvencións durante cinco exercicios.

b) Cada programa só poderá recibir durante tres exercicios a porcentaxe máxima de axuda que se fixe para cada exercicio.

c) Cando un programa reciba estas subvencións durante catro ou cinco exercicios, o importe que se poderá percibir será, como máximo, do 40 por cento dos gastos o cuarto exercicio, e do 30 por cento, o quinto.

d) As subvencións destinadas ao financiamento das actividades previstas nas letras a) e c) do artigo 5 só se poderán conceder durante un exercicio.

e) As subvencións destinadas a financiar a actividade prevista na letra b) do artigo 5 só se poderán percibir durante dous exercicios consecutivos, e sempre e cando se trate de programas de nova creación.

### Artigo 9. *Transferencia de fondos.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación transferiralles ás comunidades autónomas as cantidades que correspondan para atender ao pagamento das subvencións reguladas por este real decreto, de acordo coas disponibilidades orzamentarias e conforme o establecido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 23 de novembro, xeral orzamentaria.

Para cada exercicio establecerase, de acordo coas disponibilidades orzamentarias e tendo en conta, se é o caso, os remanentes dos fondos resultantes ao finalizar cada exercicio orzamentario que se atopen en poder das comunidades autónomas, a cantidade máxima correspondente a cada comunidade autónoma.

2. Os remanentes de fondos resultantes ao finalizar cada exercicio orzamentario que se atopen en poder das comunidades autónomas seguirán mantendo o destino

específico para o que foron transferidos e utilizaranse no seguinte exercicio como situación de tesouraría na orixe para a concesión de novas subvencións.

#### Artigo 10. *Instrución, resolución e pagamento.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas en cuxo territorio se localice o domicilio social do solicitante instruirán o procedemento e resolverán motivadamente no prazo que para o efecto se estableza en cada convocatoria, que en ningún caso será superior a seis meses desde que se inicie o procedemento. Así mesmo, corresponderalles aos ditos órganos o pagamento da subvención.

2. Nas resolucións de concesión das subvencións teranse en conta as dispoñibilidades orzamentarias e farase constar expresamente que fondos proceden dos orzamentos xerais do Estado.

#### Artigo 11. *Compatibilidade das subvencións.*

Sen prexuízo do previsto no artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, o importe das subvencións reguladas neste real decreto en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, destinadas ao mesmo fin, o custo da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

#### Artigo 12. *Modificación da resolución, incumprimento e reintegro.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Así mesmo, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Se o beneficiario incumprise a lexislación básica en materia de ambiente, sanidade, benestar, alimentación ou identificación animal, así como os requisitos exixidos para a concesión da subvención, con independencia doutras responsabilidades en que puidese incurrir, perderá o dereito á subvención concedida, coa obriga de reembolsar as cantidades xa percibidas, incrementadas co xuro de demora.

3. Así mesmo, procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como a exixencia do xuro de demora desde o momento do pagamento da subvención, nos demais supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Artigo 13. *Xustificación do cumprimento e controis.*

Os beneficiarios das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas, e a aplicación dos fondos percibidos, mediante a presentación da documentación xustificativa correspondente, no prazo e forma que determine a autoridade que as outorgou, sen prexuízo dos controis, administrativos ou sobre o terreo, que poida realizar a autoridade competente.

#### Artigo 14. *Deber de información.*

As comunidades autónomas remitiranlle anualmente ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 1 de abril de cada ano, os datos relativos ás subvencións concedidas e pagadas no exercicio anterior.

#### Disposición transitoria única. *Acreditación dos organismos independentes de control.*

Malia o establecido no artigo 4.4 e para os exercicios orzamentarios 2008 e 2009, se o organismo de control aínda non obtivo a prefixada acreditación, para se poder acoller ás subvencións consideradas neste real decreto, a autoridade competente deberá certificar que o dito organismo de control cumpre a norma EN 45.011, así como que conta cun sistema de control obxectivo e imparcial e que dispón de persoal cualificado e dos recursos necesarios para desenvolver a súa función.

Neste caso, no momento da xustificación prevista no artigo 13 e relativa a 2008, o organismo de control deberá documentar ante a autoridade competente ter cursada a solicitude de acreditación e admitida a trámite, conforme os procedementos establecidos, nunha entidade de acreditación segundo o Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1097/2002, do 25 de outubro, polo que se establecen axudas aos programas de carne de vacún de calidade.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

#### Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e aplicación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar as medidas precisas que exixa a normativa comunitaria e, concretamente, para modificar o prazo de presentación das solicitudes previsto no artigo 7.3.

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**21917** *REAL DECRETO 1617/2007, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para a mellora da protección dos portos e do transporte marítimo. («BOE» 304, do 20-12-2007.)*

A Organización Marítima Internacional (OMI) adoptou, na Conferencia dos gobernos contratantes do Convenio internacional para a seguranza da vida humana no mar (Convenio SOLAS), 1974, que tivo lugar do 9 ao 13 de decembro de 2002, un conxunto de resolucións dirixidas a regular a mellora da protección do transporte marítimo. Entre elas cabe destacar a resolución 1, emendas ao Con-